

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

A continuación, deixo unhas **orientacións de cara ao traballo** e unha **listaxe de tarefas** para que os nenos e nenas realicen durante as dúas próximas semanas. En todo caso, como estamos pendentes das novas instrucións que nos van chegando, manterémosvos informadas por se hai cambios.

Para calquera dúbida, déixovos un dos enderezos electrónicos do centro por se queredes contactar comigo. É importante que en “Asunto” escribades “Para Mariña”, pois é un enderezo que podemos usar todo o profesorado: **prensasofan@gmail.com**

ORIENTACIÓNS DE CARA AO TRABALLO

En primeiro lugar, e tendo en conta que debemos respectar os diferentes ritmos de traballo do alumnado, quero lembrar que estas **orientacións son flexibles**. Con todo, gustárame lembraros que é importante tratar de continuar cunha **rutina diaria** de traballo intentando manter un **horario** similar ao que teñen no colexio (aproveitando as primeiras horas da mañá para actividades que requiran maior concentración e intercalando o traballo co descanso e o exercicio físico). Por outra banda, tamén é recomendable que os nenos e nenas respecten os prazos que marco para a realización das tarefas e que non haxa intentos de facer nunha semana o que lles debería levar dúas. Ademais, é primordial que, cando fagan exercicios, lean un par de veces os enunciados e as explicacións teóricas (se as hai) e non se lancen a contestar sen mais.

En segundo lugar, gustárame lembrar aos rapaces e rapazas que teñen á súa disposición dicionarios en liña para dúbidas nas distintas linguas (xa os usamos nalgunha ocasión durante as clases):

- Galego: www.rag.gal
- Castelán: www.rae.es
- Inglés: www.wordreference.com

Finalmente, comentarvos que no Blog de 3º e 4º (ao que podedes acceder a través da páxina do centro, na parte dereita da mesma) colgarei propostas con outro tipo de actividades para que esta tempada sexa o máis levadeira posible.

LISTAXE DE TAREFAS PARA REALIZAR DO 16 AO 20 DE MARZO

1. Matemáticas.

Libro:

- Páxinas 114, 115, 116 e 117: todos os exercicios.
- Páxina 118: exercicio 1.

* No caderno de Matemáticas teñen pegada unha escaleira coas unidades de medida de lonxitude, que lles facilitará o paso dunha unidade a outra.

2. Ciencias Sociais.

a) Libro:

- Páxina 52: exercicios 1, 2, 3 e copiar VOCABULARIO.
- Páxinas 54 e 55: ler e copiar VOCABULARIO.
- Páxinas 56 e 57: ler e copiar VOCABULARIO.
- Páxinas 58 e 59: ler.
- Páxina 60: exercicios 1 e 2.
- Páxina 61: oral.

b) PDF coas Actividades de avaliación da Unidade 4. Deberán facela unha vez rematados os exercicios do libro (non antes).

3. Lingua Galega.

a) Libro (se algún alumno non ten o caderno, que escriba en calquera outro papel).

- Páxina 112: ler e facer o exercicio 3.
- Páxina 113: ler, copiar o recadro azul (*A poesía...*) e facer o exercicio 2.
- Páxina 114: exercicios 2 a 8.
- Páxina 115: exercicios 1, 2, 3 e 5.
- Páxinas 118 a 121: ler “Un poderoso inimigo” e facer oralmente a comprensión lectora.
- Páxina 122: ler.

b) PDF coas Actividades de avaliación da Unidade 6. Deberán facela unha vez rematados os exercicios do libro (non antes).

4. Lingua Castelá.

a) Libro:

- Páxina 105: exercicios 2 a 7.
- Páxina 109: copiar “VOCABULARIO” e facer os exercicios 9 e 10.
- Páxinas 112 e 113: exercicios 1 e 2 (orais), copiar cadro amarelo e facer 3 e 4 escritos.
- Páxina 115: exercicio 1 (oral) e escribir a seguinte noticia: “Quedamos na casa para parar ao coronavirus” seguindo os pasos dos exercicios 2, 3 e 4.

b) *Billy y el vestido rosa*: lectura do capítulo V (se non levaron o libro non pasa nada).

LISTAXE DE TAREFAS PARA REALIZAR DO 23 AO 27 DE MARZO

1. Matemáticas.

Libro:

- Páxina 119: exercicios 6, 9 e 10.
- Páxinas 123, 124 e 125: todo.

* No caderno de Matemáticas teñen pegada unha escaleira coas unidades de medida de lonxitude, que lles facilitará o paso dunha unidade a outra.

2. Ciencias Sociais.

Libro:

- Páxinas 68 e 69: ler.
- Páxinas 70 e 71: ler e facer un esquema co título “A comunidade escolar” (páxina 71).
- Páxinas 72 e 73: ler.
- Páxinas 74 e 75: ler e copiar os recadros verdes da páxina 75.
- Páxina 76: ler e facer os exercicios 1 e 2.
- Páxina 77: ler.
- Páxinas 78 e 79: ler e facer un pequeno esquema.

3. Lingua Galega (se algún alumno non ten o caderno, que escriba en calquera outro papel).

Libro:

- Páxina 123: ler, copiar o recadro azul e facer os exercicios 2 e 3.
- Páxina 124: ler, copiar o recadro azul e facer o exercicio 1.
- Páxina 125: exercicios 4, 5 e 6.
- Páxina 126: ler e facer o exercicio 3.
- Páxina 127: exercicios 7 e 10.
- Páxina 128: exercicios 1 e 2 (orais), copiar o recadro azul no caderno e facer o 3 nun folio en branco.

4. Lingua Castelá.

a) **Libro:** Páxina 117: exercicios 2, 5 e 8.

b) **PDFs** coas Actividades de avaliación das Unidades 7 e 8. Deberán facelas unha vez rematados os exercicios do libro (non antes).

c) ***Billy y el vestido rosa***: lectura do capítulo VI (se non levaron o libro non pasa nada).

Moitas grazas pola vosa comprensión e colaboración. Unha aperta,

Mariña García San León

Titara de 3º de Educación Primaria